



RÍO DAS FERVENZAS



Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Ois (Ponte Xora)-Fervenzas: 5 km
Fervencedo: 400 m
Río Bexo en Ois: 3,4 km

Dificultade: baixa
Duración: 4 horas

O río das Fervenzas ou Bexo é un afluente do Mandeo que baixa por unha zona de rochas granítica moi encaixado con varios saltos de máis de 5 m e numerosos rápidos. Dúas rutas nos concellos de Aranga e Coirós permiten coñecer as máis destacadas.




Fervencedo



Fervencedo

COMO CHEGAR: na estrada A Coruña-Lugo pasado Ois cóllese un cruce á dereita que pon Torre. Máis adiante atópase outro cruce que indica Igrexa-Mende-Fervencedo e séguese ata o final. Entre as casas nas que remata a pista hai un carreiro que conduce ao río. Á saída dunha curva pechada, antes de entrar no lugar de Fervencedo sae, pola esquerda, un camiño que baixa ao río e crúzao por unha pontella de cemento. Seguindo o curso do río por ese camiño vanse vendo as fervenzas. Para acceder ás máis grandes hai que baixar por un carreiro que sae á dereita do camiño principal. Tamén se pode chegar desde Montsalgueiro pola estrada que vai a Teixeira collendo o cruce que leva a Fervencedo.





Río Bexo en Ois



Sta María de Ois

Unha ruta circular de 3,4 km sae de Ponte Xora e segue o curso do río no que aparecen varios saltos, áreas de rápidos, varios muíños, restos dun machuco e unha minicentral.

COMO CHEGAR

Unha ruta sinalizada que arranca na área recreativa de Ponte Xora permite seguir o curso do río e visitar, ademais das fervezas, os restos de varios muíños e un mazo.

<http://www.concellodecoiros.com/galego/pdf/rutadorio.pdf>



Machuco de Ois

Fentos
(*Woodwardia radicans*)

